

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade á corrección da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

Unha vez advertidos erros materiais nas relacións definitivas de admitidos e excluídos do proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, publicadas pola Resolución do 29 de setembro de 2009 (DOG nº 194, do 2 de outubro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Excluír da relación definitiva de aspirantes admitidos ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, a seguinte aspirante:

| NIF | Apelidos e nome | Quenda |
|------------|---------------------------|--------|
| 76900378-Q | Martínez da Costa, Vanesa | Libre |

Segundo.-Excluír da relación definitiva de aspirantes excluídos e incluíla na relación definitiva de aspirantes admitidos ao dito proceso selectivo a seguinte aspirante:

| NIF | Apelidos e nome | Quenda |
|------------|--------------------------------------|---------|
| 53117652-A | García Rosales, María de los Ángeles | Discap. |

Terceiro.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as/os aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Anuncio do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 17 de setembro de 2009, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de xaponés.

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas na especialidade de xaponés.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

| Apelidos e nome | DNI | Causa |
|-----------------------------|------------|-------|
| Álvarez Martínez, Gabriel | 44487630-H | 3 |
| Granja Fociños, Mª Paz | 76813060-Y | 3 |
| Hoshikawa, Taeko | X4107826A | 2 |
| Imai, Mona | X1216345J | 4 |
| Koiso, Mayumi | X2450599H | 3 |
| Maseda Muño, Francisco | 33542228-V | 3 |
| Rodríguez Álvarez, Cristina | 76727079-E | 3 |
| Ruíz Rodríguez, César | 20213757 | 3 |
| Villamarín Fraga, Begoña | 76998333-Z | 1 |
| Wo, Lili | X2633537Z | 2 |
| Yoshida, Erikamie | X9775025W | 2 |

Causas exclusión:

1. Non xustifica a especialidade de xaponés.
2. Titulación sen homologar.
3. Non xustifica nivel avanzado de xaponés.
4. Non reúne os requisitos de titulación.